Concello de Cedeira
Tlfno: 981 480 000- fax: 981 482 506 | correo@cedeira.es
Rúa Real,15 | 15350 Cedeira - A Coruña

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN FRENTE Á COVID-19 EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

(BORRADOR)

Seguindo as medidas de seguridade sanitaria e as instrucións establecidas na Orde SND/442/2020, de 23 de maio, pola que se modifica a Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición cara una nova normalidade e a Orde SND/414/2020, de 16 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 2 do Plan para a transición cara unha nova normalidade, o Concello de Cedeira establece o seguinte protocolo para a reapertura das instalacións deportivas:

En cumprimento do artigo 4 da orde SND/414/2020, relativo *"ás medidas de hixiene e prevención para o persoal traballador dos sectores de actividades previstas nesta orde",* o persoal laboral do Polideportivo Municipal conta cos equipos de protección adecuados para o seu traballo, tendo á súa disposición: xel hidroalcohólico, luvas, pantalla, mascarilla, traxe e bata debotable e mampara protectora na mesa de traballo.

O horario de apertura ao público do Polideportivo será de luns a venres de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 22:00 e sábados de 9:00 a 14:00, sempre con cita previa e con rigorosa puntualidade no horario concedido para asegurar o bo funcionamento do servizo. O horario poderá ser modificado a criterio do persoal laboral do Polideportivo e do concelleiro de deportes, por calquera causa xustificada ou para previr o risco de coincidencia masiva de usuarios.

Segundo o establecido no artigo 5 da Orde SND/414/2020 que regulan *"as medidas para previr o risco de coincidencia masiva de persoas no ámbito laboral"*, no Polideportivo realizaranse os axustes na organización horaria que resulten precisos para evitar o risco de coincidencia masiva de persoas, traballadoras ou non, durante as franxas horarias de previsible máxima afluencia, con este fin levaranse a cabo quendas para a realización de cada actividade que se redactan máis abaixo, fora das cales non se poderá permanecer nas instalacións.

Seguindo as instrucións establecidas no artigo 6 da Orde SND/414/2020 que regulan as *"medidas de hixiene esixibles ás actividades previstas nesta orde"* todas as instalacións do Polideportivo foron desinfectadas previamente á súa reapertura, primeiro cunha limpeza exahustiva de todas as instalacións, con dilución de lixivia recén preparada, e unha vez ventilados todos os espazos procedeuse a unha nova limpeza exahustiva das instalacións, tanto interiores como exteriores. Tras a reapertura realizaranse tarefas de ventilación periódicas nas instalacións e, como mínimo, de forma diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire, así como a limpeza periódica de todas as instalacións despois de cada uso ou actividade.

Polo establecido no Capítulo XII da Orde SND/399/2020 e no Capítulo IX da Orde SND/414/2020 que regulan as *"condicións nas que debe desenvolverse a actividade deportiva"*, a reapertura das instalacións polideportivas levarase a cabo seguindo as medidas de seguridade e protocolo que se enumera a continuación.

No relativo á *"apertura de instalacións deportivas ao aire libre"* regulado no artigo 41 da Orde SND/399/2020, procederase á apertura das instalacións deportivas ao aire libre como son o campo de fútbol, as pistas de tenis e as pistas de padel anexas ao pabillón polideportivo, seguindo as instrucións e restricións de aforo contemplados en dito artigo para cada instalación en concreto (os datos de aforo e demais instrucións serán colocadas en cada instalación por medio de carteis informativos). Para a súa utilización será necesario a reserva das mesmas mediante cita previa no teléfono 981482633, así como unha puntualidade estrita para o bo funcionamento do servizo.

O Consello Superior de Deportes do Goberno de España xunto coa Federación Española de pádel, respecto da clarificación das consecuencias da Orde SND/440/2020 do 23/05/2020 do Ministerio de Sanidade, comunica oficialmente que, dende o pasado luns 25/05/2020, está permitida xa dende a Fase 1 a práctica de pádel en parellas, dos contra dous, en calquera tipo de instalación de pádel. Polo tanto, a práctica deportiva en ditas instalacións poderá desenvolverse por un máximo de catro persoas en cada pista na modalidade de 2 contra 2, sen contacto físico, mantendo as medidas de seguridade e protección e mantendo a distancia social de dous metros.

As reservas con cita previa deberán facerse dentro das quendas horarias preestablecidas, para evitar o contacto entre usuarios e persoal traballador das instalacións, quedando configurados como amosa a seguinte táboa:

HORARIO	**PISTA 1 DE PADEL**	**PISTA 2 DE PADEL**	**PISTA DE TENIS**	**CAMPO DE FÚTBOL**
QUENDA 1	9:00 A 10:30	9:05 A 10:35	9:45 A 11:45	11:30 A 12:30
QUENDA 2	10:40 A 12:10	10:45 A 12:15	12:00 A 14:00	12:45 A 13:45
QUENDA 3	12:20 A 13:50	12:25 A 13:55		
QUENDA 4	16:00 A 17:00	16:05 A 17:05	16:45 A 18:15	16:00 A 17:00
QUENDA 5	17:10 A 18:40	17:15 A 18:45	18:30 A 20:00	17:15 A 18:15
QUENDA 6	18:50 A 20:20	18:55 A 20:25	20:15 A 21:45	18:30 A 19:30
QUENDA 7	20:30 A 21:55	20:35 A 22:00		19:45 A 20:45
QUENDA 8				21:00 A 22:00

Nos cambios de quenda realizarase unha limpeza das pistas, así como das zonas comúns.

Proporcionarase xel hidroalcohólico aos usuarios do campo de fútbol ou de cada pista e colocaranse carteis informativos coas medias de seguridade establecidas neste protocolo, que será de obrigado cumprimento para un bo uso das instalacións.

En cumprimento do establecido no artigo 42 da Orde SND/414/2020, procederase tamén á reapertura das instalacións deportivas cubertas, como son a pista polideportiva e as salas

de cardio e ximnasio. A actividade deportiva nestas instalacións requirirá a concertación de cita previa no teléfono 981482633.

As reservas con cita previa deberán facerse dentro das quendas horarias preestablecidas para cada instalación e/ou actividade, para evitar o contacto entre usuarios e persoal traballador das instalacións, quedando configurados como amosa a seguinte táboa:

HORARIO	**LUNS**	**MARTES**	**MÉRCORES**	**XOVES**	**VENRES**
9:00 A 10:00	XIMNASIA DE MANTEMENTO				
10:15 A 11:15	GYM	PILATES	GYM	PILATES	GYM
11:30 A 12:30	GYM	BADMINTON	GYM	BADMINTON	GYM
12:45 A 13:45	GYM		GYM		GYM
16:15 A 17:15	GYM				
17:30 A 18:30	BADMINTON	GYM	BADMINTON	GYM	GYM
18:45 A 19:45	XIMNASIA DE MANTEMENTO				
20:00 A 20:45	PILATES	BADMINTON	PILATES	BADMINTON	PILATES
21:00 A 22:00	GYM	CLUBE	GYM	CLUBE	GYM

O cumprimento estrito do horario será imprescindible para o bo funcionamento do servizo.

Tal e como establece o apartado 4 do artigo 42 da Orde SND/414/2020 as actividades con monitor como son ximnasia de mantemento e pilates terán un aforo do 30% do máximo permitido sendo 30 persoas como máximo. Así mesmo, na sala de musculación o aforo máximo permitido en cada quenda será de 5 persoas e na sala de cardio o aforo máximo permitido en cada quenda será de 4 persoas.

Proporcionarase xel hidroalcohólico aos usuarios da pista polideportiva, sala de cardio e ximnasio e colocaranse carteis informativos coas medidas de seguridade establecidas neste protocolo, que será de obrigado cumprimento para un bo uso das instalacións.

Os vestiarios da pista polideportiva permanecerán pechados, agás en caso de urxente necesidade, que poderán ser abertos puntualmente polo persoal traballador das instalacións, a solicitude dos usuarios.

No relativo á *"apertura de piscinas para uso deportivo"* regulado no artigo 43 da Orde SND7414/2020, procederase á apertura da piscina municipal. Para a súa utilización será necesario a reserva das mesmas mediante cita previa no teléfono 981482633.

As reservas con cita previa deberán facerse dentro das quendas horarias preestablecidas, para evitar o contacto entre usuarios e persoal traballador das instalacións, quedando configurados como amosa a seguinte táboa:

HORARIO	PISCINA MUNICIPAL (ACTIVIDADE)
9:00 A 9:30	BAÑO LIBRE
9:45 A 10:15	BAÑO LIBRE
10:30 A 11:00	BAÑO LIBRE
11:15 A 13:45	CLUB DE NATACIÓN
16:00 A 16:30	BAÑO LIBRE
16:45 A 17:15	BAÑO LIBRE
17:30 A 18:00	BAÑO LIBRE
18:15 A 18:45	BAÑO LIBRE
19:00 A 19:30	BAÑO LIBRE
19:45 A 20:15	BAÑO LIBRE
20:30 A 21:00	BAÑO LIBRE
21:15 A 21:45	BAÑO LIBRE

Como se trata dunha piscina de uso deportivo divida en rúas de adestramento, só poderá exercer a actividade un deportista ou usuario por rúa, polo que en cada quenda horaria soamente poderá haber un máximo de 4 usuarios repartidos un en cada rúa.

Unicamente poderá acceder cos deportistas un adestrador no caso de que resulte necesario, circunstancia que deberá ser acreditada debidamente, coa excepción das persoas con discapacidade ou menores que precisen da presencia de un acompañante.

Proporcionarase xel hidroalcohólico aos usuarios da piscina e colocaranse carteis informativos coas medias de seguridade establecidas neste protocolo, que será de obrigado cumprimento para un bo uso das instalacións.

Os vestiarios da piscina permanecerán abertos para o acceso ao interior da piscina, agás a zona de duchas comúns que permanecerá pechada.

Procederase á limpeza e desinfección da praia da piscina e das zonas comúns ao remate de cada quenda, así como antes da apertura e do peche das instalacións.

O horario para o fin de semana quedaría configurado do xeito que amosan as seguintes táboas:

HORARIO	PISTA POLIDEPORTIVA
9:00 A 9:45	GYM
10:00 A 10:45	GYM
11:00 A 12:45	BADMINTON CLUBE
13:00 A 13:45	GYM

HORARIO	PISCINA MUNICIPAL
9:00 A 9:30	BAÑO LIBRE
9:45 A 10:15	BAÑO LIBRE

10:30 A 11:00	BAÑO LIBRE
11:15 A 13:45	CLUB DE NATACIÓN

HORARIO	**PISTA 1 DE PADEL**	**PISTA 2 DE PADEL**	**PISTA DE TENIS**	**CAMPO DE FÚTBOL**
QUENDA 1	9:00 A 10:25	9:05 A 10:30	9:15 A 10:45	11:30 A 12:30
QUENDA 2	10:40 A 12:10	10:35 A 12:05	10:50 A 12:20	12:45 A 13:45
QUENDA 3	12:20 A 13:50	12:15 A 13:40	12:30 A 13:55	

O cumprimento estrito do horario será imprescindible para asegurar que se compren as medidas de seguridade e hixiene e o bo funcionamento do servizo. O incumprimento das medidas establecidas neste protocolo será penalizado coa expulsión periódica das instalcións, a criterio do persoal traballador do polideportivo e do concelleiro de deportes.

O pago pola utilización dos servizos dispoñibles nas instalacións polideportivas realizaranse por anticipado na oficina do polideportivo, en efectivo a través do sistema cashdro ou con tarxeta a través de TPV.

Nas instalacións polideportivas non se facilitará ningún tipo de material para a realización das actividades, polo que os usuarios deberán levar o seu propio material. Recoméndase nos deportes de raqueta a limpeza e desinfección de mans con xel hidroalcohólico con frecuencia de 15 minutos.

Os vestiarios de monitores soamente poderán ser utilizados polo persoal traballador do polideportivo de xeito individual e coa posterior desinfección despois de cada uso.

O cumprimento destas medidas será controlado pola Policía Local de Cedeira, correspondendo a instrución dos procedementos sancionadores que procedan.